

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUÍ (SOGAPS) PARA O APOIO AO PROGRAMA “VACACIÓNS EN PAZ 2017”

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2017

COMPARECEN

Dunha parte, don Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 148/2016, do 13 de novembro, do seu nomeamento, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra, don José Manuel Rey Varela, conselleiro de Política Social, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 148/2016, do 13 de novembro, do seu nomeamento, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.



Doutra, dona Maite Isla Avión, con DNI nº 35544300P, na súa calidade de presidenta da Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí, asociación sen fin lucrativo e legalmente constituída e inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma co número 2004/007037-1 (SC), con data do 12 de febreiro de 2004 e no Rexistro de Axentes de Cooperación ao Desenvolvemento co nº 117, con data do 23 de decembro de 2004.



Os intervinientes, que actúan en razón dos seus respectivos cargos, recoñécense mutua e reciprocamente a capacidade legal necesaria para a formalización do presente convenio e a tal efecto,



EXPOÑEN

A Xunta de Galicia, de acordo co recto exercicio das súas competencias e funcións en materia de cooperación exterior e acción humanitaria, vén executando proxectos e programas en colaboración con países e territorios con dificultade na cobertura das necesidades básicas da súa poboación, como é o caso dos Campamentos de Refuxiados do Sáhara, a través da provisión de fondos que permiten dar resposta ás situacións críticas que se están a producir, e a mellora das condicións de vida da mesma.

A Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento, establece como ámbito de actuación preferente da cooperación galega o apoio aos países con menor grao de desenvolvemento, en especial, daqueles que conteñan amplas capas da súa sociedade en extrema situación de necesidade; tamén no seu art. 2 apartado e) se establece “a *necesidade de impulsar e promove-la participación social e cidadá nas accións de cooperación para o desenvolvemento, así como fomenta-la educación para o desenvolvemento e a sensibilización da sociedade galega nas realidades dos pobos máis desfavorecidos, potenciando unha ética asentada en valores humanistas, de convivencia pacífica, tolerancia e igualdade entre tódalas persoas*”.

O III Plan Director 2014-2017 da Cooperación Galega, aprobado polo Parlamento de Galicia o 18 de marzo de 2014, considera como prioritaria a atención á poboación refuxiada saharauí, así como ás actividades destinadas á satisfacción das necesidades sociais básica. Asemade, o Plan recolle a necesidade de avanzar na coherencia de políticas a través da creación de sinerxías e complementariedades entre os diferentes departamentos da Xunta e de cada unha das súas políticas, co obxectivo de que todas estean guiadas na loita contra a pobreza e na defensa dos dereitos humanos en todo o mundo.

A Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, como órgano superior da administración autonómica da cooperación para o desenvolvemento, consonte o establecido no Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de acordo co recto exercicio das súas competencias e funcións en materia de cooperación exterior e acción humanitaria, vén executando proxectos e programas en países e territorios con dificultade na cobertura das necesidades básicas da súa poboación, como é o caso dos campamentos de refuxiados do Sáhara, a través da provisión de fondos que permiten dar



resposta ás situacións críticas que se están a producir e a mellora das condicións de vida dela.

A Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica ten asumido entre as súas competencias, segundo o artigo 13. 1. b) do Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, a protección e a tutela das persoas menores en situación de risco ou desamparo nos termos establecidos no Código Civil, na Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Xuizamento Civil e no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia e o Decreto 42/2000, do 4 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia.

Ambas consellerías consideran a necesidade de traballar conxuntamente para facilitar aos nenos e nenas destinatarios do programa Vacacións en Paz alternativas de ocio e tempo libre que melloren o seu equilibrio psicolóxico, ademais de promover entre a sociedade galega, en particular entre as familias de acollida e nas súas poboacións, os valores de tolerancia, respecto e solidariedade.

A Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí (no sucesivo *SOGAPS*) é unha entidade sen ánimo de lucro que ten entre os seus fins a mellora das condicións de vida da poboación saharauí, así como a sensibilización da poboación galega achegando a realidade saharauí ao noso territorio.

SOGAPS é a única asociación galega recoñecida polo pobo saharauí para a formulación e realización de proxectos nos campamentos de refuxiados e vén colaborando dende fai anos con diferentes iniciativas, entre outras, de garantía da seguridade alimentaria e apoio ao sistema sanitario de atención primaria, así como desenvolvendo anualmente o programa "Vacacións en Paz", que ten como obxectivo o traslado a Galicia, de xeito temporal, de menores saharauís procedentes de campamentos de refuxiados de Tindouf (Alxeria), ofrecéndolles a posibilidade de coñecer modos de vida distintos ao clima de guerra no que están inmersos a cotío, de xeito que iso contribúa a súa formación persoal e enriqueza as súas formas de comunicación e entendemento.





SOGAPS conta para a realización das súas actuacións co respaldo e a colaboración das autoridades saharauís, coas que están en continua comunicación, o que vén a asegurar a correcta planificación e xestión das intervencións.

Así, tendo en conta as anteriores consideracións, todas as partes, coincidindo en que a iniciativa obxecto do convenio é de común interese para todas e harmoniza cos fins dunhas e outras, acordan subscribir o presente convenio de colaboración con suxeición a canto se establece nas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Política Social e SOGAPS para o apoio ao programa “Vacacións en Paz 2017”.

Concretamente, o obxectivo deste convenio é o financiamento do traslado dos nenos e nenas saharauís, procedentes dos campamentos de Refuxiados en Tindouf (Alxeria), que serán acollidos por familias galegas durante os meses de verán de 2017.

SEGUNDA.- Obrigas de SOGAPS

SOGAPS deberá:

1. Executar o proxecto referido na cláusula primeira, dando cumprimento ao establecido na lexislación vixente en materia de inmigración, especialmente ao Real decreto 557/2011, do 20 de abril, polo que se aproba o Regulamento da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, a Instrución da Subdirección Xeral de Política Familiar, Infancia e Adolescencia da Consellería de Política Social do 20 de marzo de 2012, pola que se regula o procedemento para a emisión de informe autonómico para os programas de desprazamento temporal de menores estranxeiros e a resolución que para o Programa Vacacións en Paz do ano 2017 dite a Secretaría Xeral de Inmigración e Emigración





aprobando as instrucións polas que se determina o procedemento para autorizar a residencia temporal de menores e a estancia dos monitores, de orixe saharauí, en España no marco do Programa Vacacións en Paz.

2. Destinar os fondos percibidos para financiar esa actuación.
3. Consentir expresamente a publicación da axuda concedida no Diario Oficial de Galicia, nas páxinas web oficiais da Xunta de Galicia e nos seus rexistros públicos, de acordo co establecido no artigo 15, da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e o artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
4. De acordo co disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, SOGAPS comprométese a dar axeitada publicidade do carácter público do financiamento das actuacións obxecto do convenio, ao cumprimento de todas as condicións e obrigas recollidas neste convenio, e do sometemento ás actuacións de supervisión e control previstas nel, así como as xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.
5. Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas.
6. Conservar todos os comprobantes de gasto durante un período de 4 anos, coa excepción dos casos suficientemente xustificados e autorizados pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE.
7. Xustificar, previamente ao cobro de calquera dos pagos da subvención, estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social española e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, nin ser debedor por resolución de procedencia de reintegro. A entidade, conforme co establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, autoriza ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban remitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.





8. Velar porque tanto os restantes partícipes como a cidadanía con ela relacionada teñan coñecemento do financiamento desembolsado pola Xunta de Galicia e do apoio desta á acción.
9. Solicitar autorización previa e expresa para calquera modificación substancial do proxecto, entendendo por tal aquela que afecte aos obxectivos, resultados, prazo de execución ou variación do custo total do proxecto ou das partidas orzamentarias en máis dun 20% do inicialmente aprobado. As solicitudes de modificacións substanciais do convenio deberán estar suficientemente motivadas e ser formuladas por escrito dirixido ao director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, que resolverá e notificará no prazo dun mes sobre a súa autorización ou denegación.
10. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, *SOGAPS* está obrigada, logo de requirimento, a subministrar á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e á Consellería de Política Social, toda a información necesaria para o cumprimento polas ditas consellerías das obrigas previstas no título I da citada lei.

TERCEIRA.- Obrigas da Xunta de Galicia

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Consellería de Política Social cofinanciarán o programa “Vacación en Paz 2017” cun importe total de 150.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 05.26.331A.490.2.

A achega da Consellería de Política Social, por importe de 75.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 12.02.312B. 481.0, realizouse mediante unha ampliación do crédito da aplicación orzamentaria 05.26.331A.490.2 segundo o Acordo de Colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Consellería de Política Social para o apoio conxunto ao programa “Vacacións en Paz 2017” asinado con data do 22 de marzo de 2017.

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza asumirá a xestión dos fondos a través da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE e aboará a *SOGAPS* a contía máxima de cento cincuenta mil euros (150.000,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 05.26.331A.490.2.

SOGAPS poderá recorrer a terceiras fontes ou a diversos patrocinadores externos, previa consulta á Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, pero en calquera caso todo





incremento nos custos de execución será a risco e ventura da entidade, quen asumirá os custos asociados aos proxectos derivados da supervisión técnica, para dar fiel cumprimento aos obxectivos do proxecto.

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, ou de calquera outra natureza, entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto deste convenio coa Xunta de Galicia, de tal maneira que por este concepto non se poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria.

CUARTA.- Pagos anticipados

Trala sinatura do presente convenio e previa petición de *SOGAPS*, a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE concederá un anticipo pola contía máxima do importe da subvención concedida, de acordo co previsto na Disposición adicional segunda da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para afrontar os pagos inmediatos da execución deste proxecto.

Coa solicitude do anticipo deberá presentar:

- Declaración do conxunto das axudas recibidas doutras entidades públicas ou privadas para o mesmo fin, de acordo co establecido nos artigos 11 letra d) da citada Lei 9/2007 e 22 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Xustificación de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social española e non ter pendente de pago ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, nin ser debedor por resolución de procedencia de reintegro de acordo co establecido no artigo 10.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

QUINTA.- Xustificación

A xustificación final da realización das actividades subvencionadas e da consecución dos obxectivos previstos revestirá a modalidade de conta xustificativa con entrega de xustificantes de gasto, de conformidade co establecido nos artigos 28 da Lei 9/2007 e 48 do



Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Deberase xustificar a totalidade dos gastos realizados. No caso de non xustificar a totalidade do gasto, o importe da subvención concedida reducirase na mesma proporción na que se reduza a cantidade xustificada respecto do orzamento total presentado. O prazo máximo para a presentación da mesma é ata o 31 de decembro de 2017.

A entidade beneficiaria deberá presentar un informe que constará de dúas partes:

1ª parte: xustificación técnica, que incluírá:

- Un informe final sobre os obxectivos, as actividades realizadas e os resultados obtidos.
- Unha certificación acreditativa do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención e da aplicación dos fondos á finalidade destinada, expedida polo órgano competente de **SOGAPS**.

2ª parte: xustificación económica, que incluírá:

- Certificación de gastos do proxecto na que se indique as distintas fontes de financiamento, expedida polo órgano competente de **SOGAPS**.
- Declaración do conxunto das axudas recibidas doutras entidades públicas ou privadas para o mesmo fin, de acordo co establecido nos artigos 11 letra d) da citada Lei 9/2007 e 22 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Relación de todos os gastos efectuados da actividade con identificación da data, número da factura ou do documento xustificativo, identificación do emisor das mesmas, descrición do gasto e, cando proceda, co seu importe en moeda local e o seu contravalor en euros e a data e forma de pago dos mesmos.
- Facturas ou outros documentos xustificativos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no apartado anterior e os seus comprobantes de pago.



Os fondos faranse chegar por transferencia bancaria á conta corrente que *SOGAPS* indique, non asumindo a Xunta de Galicia o risco de flutuación no tipo de troco oficial nin os gastos bancarios a que houbera lugar por ese motivo, dando a orde de transferencia en euros.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión das subvencións e, en todo caso, a obtención concorrente de axudas outorgadas por outras Administracións, entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Esta subvención será compatible con calquera outra procedente doutras Administracións públicas ou entes públicos ou privados para a mesma finalidade, sempre que o importe total das mesmas non supere o custo total do proxecto subvencionado.

Os rendementos financeiros que fosen xerados polos fondos librados aos beneficiarios incrementarán o importe da subvención concedida e aplicaranse igualmente ás actividades subvencionadas.

SEXTA.- Facultades de inspección

A Vicepresidencia e Consellería, a través dos seus servizos técnicos, resérvase a facultade de realizar as inspeccións e comprobacións que consideren necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e requisitos cos que se concede esta axuda.

SÉTIMA.- Publicidade



SOGAPS obrígase a incorporar de forma visible en todas as accións derivadas das actividades subvencionadas (placas, letreiros, carteis, publicacións, material de difusión, publicidade e outros medios análogos) os logotipos oficiais da Xunta de Galicia e da Cooperación Galega, todo iso en formato duradeiro e material resistente para a debida difusión da orixe da subvención. Cando a organización financiada exhiba o seu propio logotipo, o da Xunta de Galicia e o da Cooperación Galega deberán figurar co mesmo tamaño e con iguais condicións de seguridade.

OITAVA.- Seguimento do convenio



Para facilitar o seguimento e cumprimento do convenio, constituirase unha Comisión Mixta, integrada por un/unha representante da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia,

Administracións Públicas e Xustiza designado pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, un/unha representante da Consellería de Política Social e un/unha representante de SOGAPS.

A Comisión Mixta ditará a súas propias normas de funcionamento, debéndose reunir cando o solicite algunha das partes.

As súas funcións serán:

- Interpretación do convenio.
- Intervención previa á resolución por incumprimento.
- Calquera outra relacionada co desenvolvemento do presente convenio.

NOVENA.- Causas de resolución

O presente convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Pola aplicación dos fondos a fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- c) Polo transcurso do tempo fixado sen que se execute o investimento obxecto da subvención.
- d) Polo desistimento de SOGAPS.



De resolverse o convenio, a Vicepresidencia e Consellería poderá, no seu caso, esixir o reintegro das cantidades achegadas. Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, illada ou en concorrencia con subvencións ou axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMA.- Vixencia do convenio



O presente convenio manterá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2017, incluíndo as actuacións iniciadas dende o mes de xaneiro de 2017, conforme ao establecido nos artigos 2 apartado 1.b) da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e 2.2.b do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de

subvencións de Galicia, sen prexuízo da execución anticipada e conforme, a plena satisfacción, dos gastos cofinanciados pola achega da Xunta de Galicia.

UNDÉCIMA.- Natureza do convenio

O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas no prazo dun mes, previo informe ou proposta da Comisión de seguimento, pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa nos termos establecidos na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

DUODÉCIMA.- Portal da Transparencia

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas nel, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

DÉCIMO TERCEIRA.- Reintegro por incumprimento



Se a entidade beneficiaria incorrese en falsidade ou ocultación de datos ou non acreditasen, total ou parcialmente, o bo fin das cantidades percibidas, deberán proceder ao reintegro da totalidade das mesmas en caso de incumprimento pleno, ou da parte proporcional en caso dunha falta parcial de xustificación, sen prexuízo da esixencia das responsabilidades administrativas e penais que procedan.

Así mesmo, a entidade beneficiaria deberá reintegrar a subvención nos demais supostos previstos na normativa de aplicación.

DÉCIMO CUARTA.- Normativa aplicable



O presente convenio rexerase polo disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, na Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017 e demais normativa que sexa de aplicación.

E, en proba de conformidade co expresado neste convenio, asínase, por triplicado, polas partes comparecentes no lugar e data que se sinalan no encabezamento.

POLA XUNTA DE GALICIA

**O VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO
DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN
PÚBLICAS E XUSTIZA**

**O CONSELLEIRO DE POLÍTICA
SOCIAL**



Alfonso Rueda Valenzuela



José Manuel Rey Varela

**POLA ASOCIACIÓN
SOLIDARIEDADE GALEGA
CO POBO SAHARAUÍ
A PRESIDENTA**

Maite Isla Avión